

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL DA EEI DOS ÁNXELES- BRIÓN

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS:

A. CRITERIOS:

4º Educación Infantil:

- Controlar progresivamente os seus sentimentos e emocións.
- Participar activamente nos xogos propostos.
- Desenvolver a súa autonomía de cara a actividades da vida cotiá, especialmente no coidado de si mesmo.
- Iniciarse na identificación dos diferentes números, no seu uso e na presenza dos mesmos no medio que nos rodea.
- Recoñecer as persoas do seu marco social e os seus nomes.
- Apreciar e gozar da lectura de diferentes textos literarios en ambas linguas cooficiais de Galicia.
- Expresar diferentes feitos, sentimentos e situacións a través da linguaxe plástica empregando diferentes recursos artísticos.
- Participar activamente en actividades de dramatización, xogo simbólico e outras actividades de expresión corporal.
- Amosar interese polas actividades e recursos TIC empregados.
- Colaborar nas actividades musicais propostas e valorar as producións musicais propias así como respectar as dos compañeiros e compañeiras.
- Achegarse á lingua estranxeira mantendo unha actitude positiva e amosando interese por coñecer diferentes aspectos relacionados con ela.

5º Educación Infantil:

- Identificar e expresar os propios sentimentos e emocións e recoñecer e respectar os dos demais.
- Realizar diferentes actividades manipulativas que permitan un maior dominio da motricidade fina.
- Participar activamente nas actividades e xogos propostos.
- Adquirir progresivamente autonomía nas actividades da vida cotiá referentes ao coidado de si mesmo/a.

- Iniciarse na identificación dos diferentes números, no seu uso e na presenza dos mesmos no medio que nos rodea.
- Observar, explorar e experimentar empregando materiais da vida cotiá e do entorno próximo e participar no seu coidado e conservación.
- Participar nos diferentes xogos individuais e grupais e respectar as normas dos mesmos.
- Amosar interese e gusto por expresarse en ambas linguas cooficiais de Galicia de maneira oral e escrita, cunha linguaxe fluída e cun léxico variado.
- Gozar participando en actividades de dramatización, de xogo simbólico e de expresión corporal.
- Empregar diferentes recursos plásticos, corporais e musicais para expresar diferentes feitos, sentimentos e emocións.
- Usar de maneira autónoma os recursos TIC, na medida das súas posibilidades, amosando unha actitude de respecto e coidado cara os mesmos.
- Achegarse á lingua estranxeira mantendo unha actitude positiva e amosando interese por coñecer diferentes aspectos relacionados con ela.

6º Educación Infantil:

- Controlar as súas emocións e sentimentos e ser capaz de empregalos correctamente, resolvendo os pequenos conflitos cotiáns de maneira positiva.
- Dominar a súa motricidade fina e realizar diferentes actividades manipulativas de maneira satisfactoria.
- Participar activamente nos xogos e actividades propostas de maneira cooperativa, respectando as normas establecidas.
- Desenvolver a súa autonomía en actividades da vida cotiá e no coidado de si mesmo, procurando un aspecto persoal limpo e coidado.
- Observar, explorar e experimentar con diferentes materiais da vida cotiá e do entorno próximo, achegándose ao método científico.
- Facer uso de habilidades lóxico-matemáticas a partir de actividades reais e contextualizadas.
- Iniciarse na escritura espontánea a partir de palabras e textos significativos.
- Amosar interese e gusto por expresarse en ambas linguas cooficiais de Galicia de maneira oral e escrita, cunha linguaxe fluída e cun léxico variado.
- Participar en actividades de dramatización, de xogo simbólico e de expresión corporal.

- Utilizar diferentes recursos artísticos: plásticos, corporais e musicais para expresar diferentes feitos, sentimentos e emocións.
- Empregar de maneira autónoma os recursos TIC dispoñibles, na medida das súas posibilidades, amosando unha actitude de respecto e coidado cara os mesmos.
- Achegarse á lingua estranxeira mantendo unha actitude positiva e amosando interese por coñecer diferentes aspectos relacionados con ela.

B. COMPETENCIAS:

Durante este trimestre intentaremos traballar todas as competencias básicas para contribuír á súa consecución. Aparecen recollidas no Anexo II do Decreto 330/2009, 4 de xuño. A modo de exemplo, traballaremos as competencias da seguinte maneira:

- **Competencia en comunicación lingüística:** mediante diferentes contos, actividades de vocabulario, alfabetos, o seu nome...
- **Competencia matemática:** a través de xogos de cartas, de construcións, asociación número-cantidade...
- **Competencia cultural e artística:** empregando diferentes técnicas plásticas, musicais, o ritmo, diferentes obras de arte...
- **Tratamento da información e competencia dixital:** mediante actividades e materiais audiovisuais, o uso do ordenador ou da tablet, prensa, revistas, visionado de contos e vídeos...
- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:** a través do método científico (observación, manipulación e experimentación), realizando pequenos experimentos...
- **Competencia social e cidadá:** traballando a educación en valores con contos e cortos referentes ao mesmo, o respecto de normas, a amizade, as habilidades sociais...
- **Competencia para aprender a aprender:** a través das rutinas e hábitos e mediante o desenvolvemento e adquisición das demais competencias.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** potenciando a responsabilidade, o esforzo, a creatividade...

2. AVALIACIÓN: PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS.

Para a avaliación deste terceiro trimestre teremos en conta o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos dous trimestres anteriores, xa que na Educación Infantil a avaliación é global, continua e formativa (*Orde 25 xuño de 2009*), así como a comunicación continua coas

familias, ben sexa a través do e-mail ou ben por vía telefónica, tendo en conta as situacións individuais nas que se atopa o noso alumnado.

3. ACTIVIDADES:

- a) **Actividades:** As actividades propostas neste trimestre son, principalmente, de repaso. Traballando a través delas todos os bloques de contidos recollidos no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, pertencentes a cada unha das áreas de desenvolvemento. Ao traballar estas áreas tamén estaremos contribuindo á consecución das competencias básicas dos nenos e nenas. Están deseñadas de tal maneira que unha actividade pode traballar varias competencias, áreas e bloques de contidos á vez.
- b) **Metodoloxía:** Todo o noso alumnado goza de conectividade polo que a vía e-mail é a principal opción para enviar as tarefas propostas, así como para a comunicación familia-escola. Tamén a utilización de blogues para relixión e inglés, nos que periodicamente vanse subindo diferentes propostas de actividades.
- c) **Recursos:** Os recursos utilizados son o ordenador; os móbiles; materiais audiovisuais... Todas as actividades propostas están deseñadas de tal maneira que se poidan realizar con material da vida cotiá e do entorno, para facilitar o traballo dos nenos e nenas e a adquisición dos mesmos por parte das familias.

4. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS:

Para poñernos en contacto coas familias e cos alumnos e alumnas facémolo vía e-mail e vía telefónica, principalmente. En ocasións tamén mediante vídeo chamadas para que os nenos/as poidan verse, interactuar entre eles e compartir un anaco de tempo cos seus compañeiros e cos seus mestres e mestras.